

Homenaxe a Francisco Carballo en Marín

Publicado o 17 de Outubro do 2005 ás 16h19 por Galiza Nova. GZ - Novas



Francisco Carballo receberá unha homenaxe nacional o próximo 22 de outubro en Marín, no Morrazo, organizado por distintos colectivos, entre os que se atopa Galiza Nova, ademais do BNG, a CIG-Ensino, Irimia, A Nosa Terra e a Coordinadora de Crentes Galegos.

Desde Galiza Nova entendemos que sobran motivos para organizar esta homenaxe a unha personalidade como Francisco Carballo. O acto público de recoñecemento ao compañeiro nacionalista constará de

- **Mesa redonda, ás 18:30 na Biblioteca de Marín:** Francisco Carballo, 80 anos na defensa de Galiza, coa participación de Afonso Eiré, Anselmo López Carreira, Engracia Vidal, Francisco Rodríguez, María do Pilar García Negro, Santiago Prol e Victorino Pérez Prieto.

- **Cea de Homenaxe, ás 22.00 Pavillón do Colexio Público da Laxe-Marín**

A continuación incluímos unha breve reseña biográfica:

Francisco Carballo, profesor e teólogo, mantivo ao longo da súa vida un firme e duplo compromiso: co **nacionalismo e cunha concepción da súa fé relixiosa alternativa** á oficial da Igrexa católica, impulsor do cristianismo de base, divulgou outro xeito de entender a relixión en Galiza, voltada para a defensa da nosa nación, recuperadora da nosa identidade e lingua e comprometida con os sectores populares máis desfavorecidos.

Orixinario de Celeiro de Asadur (Maceda), pero auténtico **icono nacionalista no Morrazo**, conta hoxe con 80 anos de idade. Salientou na **loita nacionalista e polos dereitos democráticos** desde o franquismo e tamén nos duros anos da "transición". Así, foi xulgado por calificar de asasinato a morte de Moncho Reboiras a mans da policía franquista, e o seu nome figuraba nas listas negras elaboradas polos golpistas do 23-F de 1981. Politicamente, tomou parte na AN-PG, e posteriormente, nas primeiras eleccións autonómicas en 1981, foi candidato polo Bloque-PSG nas listas da circunscrición de Pontevedra; tamén foi membro do Consello Nacional do BNG trala súa fundación en 1982. Noutros campos, salienta como cofundador e presidente de Promocións Culturais Galegas, a editora de A Nosa Terra, e participou do campo asociativo cultural (Cultural de Vigo), de ensino (UTEG) e relixioso (Irimia), sempre desde unha inequívoca lealdade á Patria. Nos últimos anos, incrementou a súa actividade como historiador e colaborador en revistas científicas e de divulgación, e participa en diversas asociacións culturais, como Maio Longo ou Pedra Longa.